




CANÓN DO LIMIA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 3 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



Canón do Limia. Os Infernos

Desde a presa das Conchas ata o inicio do encoro de Lindoso o Limia discorre por un estreito e fondo canón entre os concellos de Muíños e Lobeira, coñecido como Os Infernos, no que forma varios saltos e numerosos rápidos.

COMO CHEGAR: xusto ao rematar o poboado das Conchas e antes de cruzar o río, sae á dereita unha estrada que vai a Cabaleiros. Desde distintos puntos dela podemos contemplar vistas do canón. Ao pouco de pasar o quilómetro 1 vese desde a estrada unha altísima ferverza con pouco caudal, pola proximidade do encoro do que non sae auga apenas.

Río abaixo, á altura de Cabaleiros, atópase o **Pozo das Mestras** ao que se pode acceder con dificultade desde a central hidroeléctrica remontando o río pola marxe esquerda por un carreiro pouco evidente aproximadamente a 1 km.

